

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
36000910	CPR Plurilingüe Casa de la Virgen	Cangas	2023/2024	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2023/2024
Curso fin	2023/2024
Data de actualización	12/04/24
Data aprobación consello	29/09/23
Data aprobación claustro	26/09/23

2. Introducción

Hoxe a vila é un centro urbano que depende no económico da área de Vigo, aínda que o sector de servizos é a actividade principal. Segue tendo importancia o sector pesqueiro, cada vez en menor medida a pesca en gran altura e incrementándose a pesca artesanal do día; manténdose outras actividades relacionadas coa pesca. A mellora das comunicacións por estrada entre Cangas e Vigo permitiu que moitos habitantes de Cangas desenvolvan a súa actividade laboral en Vigo; sobre todo no sector sanitario... E nos últimos anos favorecido tamén pola mellor comunicación, apréciase un movemento de poboación de vigueses que optan por Cangas como lugar de residencia.

Na sociedade da información e a comunicación, os cidadáns poden dispor, de forma inmediata, de informacións procedentes de calquera recanto do mundo. Por outra parte, a diferenza doutros medios de comunicación, como televisión ou radio, nos que a información é unidireccional, as novas tecnoloxías crean espazos de interacción social entre persoas e grupos, facilitando o intercambio de ideas, experiencias, etc.; ademais, o usuario non é simplemente un consumidor de información, senón que pode converterse tamén en produtor da mesma.

Todo isto non pode facernos esquecer que tamén presentan aspectos negativos que hai que ter en conta dende unha perspectiva educativa. En primeiro lugar, a información, por si mesma, non se converte en coñecemento, en segundo lugar, a través da Rede non só nos chega información válida, senón tamén contidos pouco científicos e de carácter violento, sexista, racista e xenófobo..., ademais de permanentes estímulos ao consumo indiscriminado. É tamén unha realidade que os alumnos de hoxe inicianse no uso de tecnoloxías da comunicación antes incluso de ter a idade recomendada para facelo, case sempre con descoñecemento dos perigos que poden aparecer por non facer un uso adecuado.

Por todo isto, consideramos unha obriga ética contribuir á formación integral do alumnado dotándoos dos instrumentos - técnicos, cognitivos e éticos- que os capacite para desenvolverse plenamente, de maneira responsable e crítica, na nova sociedade da información e a comunicación.

No noso centro a aproximación ás TIC iniciase no curso 1997/98 no que se prepara a primeira aula de informática con 20 equipos a disposición de todos os alumnos do centro. Tamén se incorpora un ordenador para tarefas administrativas. Cinco anos máis tarde xa temos conexión a internet. O primeiro encerado dixital chega no curso 2008/09 e xa no ano 2010 entramos no Proxecto Abalar. Desde ese curso, foise equipando cada aula con PDI, ordenador portátil e sistema de audio. Unha vez equipadas todas as aulas do centro o seguinte paso foi mellorar a conectividade á internet con fibra óptica e dar cobertura wifi a todos os espazos do colexio. No curso 2015/16 iniciase o "Proxecto tablets" en 3º de E.P. no que os alumnos comezarán a empregar tablets como ferramenta nas aulas.

A incorporación das novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación á práctica docente conlevará cambios no modelo organizativo e pedagógico do noso Centro. Ditos cambios deben de reflectirse no Proxecto Educativo de Centro (PEC) e na Programación Xeral Anual. A Comisión de Coordinación Pedagóxica procederá a revisar e modificar o PEC para a súa aprobación, se procede, polo Claustro. Estas modificacións terán como finalidade básica establecer os criterios que se van seguir para a integración didáctica das TIC.

A comezos de cada curso incluíranse no PXA a concreción dos obxectivos e contidos do Plan dixital e as actuacións previstas para cada ano escolar.

O Colexio Plurilingüe Casa de la Virgen é un centro concertado, e polo tanto sostido con fondos públicos e supervisado polas autoridades Educativas da Comunidade Autónoma de Galicia. Isto supón que aplicaremos todas aquelas normativas relacionadas coa Educación Infantil, Primaria e Secundaria. A elaboración e implementación do Plan Dixital entra dentro destas normativas, e as súas disposicións lexislativas son as seguintes:

-Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022 (Non aplicable para nos por non ter ciclos formativos)

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

No inicio do curso 21/22, no mes de setembro, o Director informa ao Coordinador TIC das instrucións da Consellería de Educación en canto á obrigação de elaborar ao longo do presente curso un Plan Dixital que se implementará no curso seguinte. (Reenvía ao coordinador os correos electrónicos da Consellería). Na reunión do equipo TIC se informa a todos os membros e se comunica que durante o primeiro trimestre se aplicará a ferramenta SELFIE. Rexístrase o centro en SELFIE e envíanse instrucións e prazos ao equipo directivo e profesores do colexio. A finais do primeiro trimestre, xa co informe SELFIE rematado, ten lugar a presentación do mentor ADIX. Informa ao Coordinador TIC da creación dunha plataforma desde a que se informará e axudará á realización de todas as etapas do proceso de elaboración do Plan Dixital, así como da validación de cada un dos pasos. A tarefa e axuda do mentor foi absolutamente indispensable e necesaria para desenvolver o traballo.

A partir de aquí todo o traballo foi avanzando na plataforma: Validación do informe SELFIE, do test CDD, Informe DAFO, elaboración do Plan de acción e finalmente o Plan Dixital. Unha vez validados todos os pasos previos, o coordinador TIC decide e desenvolve os obxectivos. Finalmente con toda a información previa e o modelo do documento do Plan Dixital, o coordinador TIC redacta o Plan.

Neste curso 23/24 actualízase o Plan Dixital con novos obxectivos, e reformulando os obxectivos non acadados o curso pasado.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

No inicio do curso 21/22, no mes de setembro, o Director informa ao Coordinador TIC das instrucións da Consellería de Educación en canto á obrigação de elaborar ao longo do presente curso un Plan Dixital que se implementará no curso seguinte. (Reenvía ao coordinador os correos electrónicos da Consellería).

Na reunión do equipo TIC se informa a todos os membros e se comunica que durante o primeiro trimestre se aplicará a ferramenta SELFIE. Rexístrase o centro en SELFIE e envíanse instrucións e prazos ao equipo directivo e profesores do colexio.

A finais do primeiro trimestre, xa co informe SELFIE rematado, ten lugar a presentación do mentor ADIX. Informa ao Coordinador TIC da creación dunha plataforma desde a que se informará e axudará á realización de todas as etapas do proceso de elaboración do Plan Dixital, así como da validación de cada un dos pasos. A tarefa e axuda do mentor foi absolutamente indispensable e necesaria para desenvolver o traballo.

A partir de aquí todo o traballo foi avanzando na plataforma: Validación do informe SELFIE, do test CDD, Informe DAFO, elaboración do Plan de acción e finalmente o Plan Dixital.

Para a realización de cada unha das etapas o coordinador recibe por correo electrónico a tarefa que se debe desenvolver, informa ao equipo TIC, e a continuación informa mediante correo electrónico ao profesorado e incluíndo os enlaces á tarefa se fosen necesarios.

Unha vez validados todos os pasos previos e coa axuda das aclaracións e exemplos do vídeo sobre o Plan de Acción, o coordinador TIC decide e desenvolve os obxectivos. Finalmente con toda a información previa e o modelo do documento do Plan Dixital, o coordinador TIC redacta o Plan.

O Plan Dixital de centro é un documento a través do cal os centros analizan a súa realidade en relación ao uso das tecnoloxías dixitais e, a partir desta situación de partida, definen un plan de actuación que incluírá os obxectivos a conseguir, as actuacións específicas para implementar este plan, a súa avaliación e difusión.

A orixe dos datos para realizar a análise DAFO é:

- Ferramenta SELFIE
- Test CDD

A ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, nos proporciona un informe coa situación de partida do centro.

A partir do Informe SELFIE, o centro poderá xerar unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

A outra fonte de información para o informe DAFO é o Test CDD que permite ao profesorado obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial. O Informe Individual do test CDD permitirá a súa vez ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	H4: Os alumnos non verifican a calidade da información que buscan.	Alumnado	Si
Debilidade	H1: Os alumnos non se comportan de forma segura en internet	Alumnado	Si
Debilidade	H3: Non hai un comportamento responsable en internet.	Alumnado	Si
Debilidade	H6: Non hai un recoñecemento dos alumnos do traballo dos demais.	Alumnado	Non
Debilidade	C2: Hai Dispositivos dixitais para a ensinanza pero bastantes están obsoletos ou deteriorados.	Infraestruturas	Si
Debilidade	C5: Non hai unha asistencia técnica profesional que faga un mantemento senón que se recorre a diferentes empresas segundo o problema.	Infraestruturas	Non
Debilidade	C7: Os sistemas de protección de datos son mellorables.	Infraestruturas	Non
Debilidade	C8: Dispositivos dixitais para a aprendizaxe: son insuficientes e non actualizados.	Infraestruturas	Non
Debilidade	Non se fai unha avaliación do progreso no uso das tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Debilidade	Non se empregan tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións.	Persoal docente	Non
Debilidade	D1: É necesario un maior desenvolvemento profesional docente	Persoal docente	Si
Debilidade	E3: Empréganse contornas virtuais de aprendizaxe, pero sen aproveitar a súa potencialidade	Persoal docente	Si
Debilidade	F1: Pódese mellorar o uso de tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensinanza as necesidades dos alumnos	Persoal docente	Non
Debilidade	F5: Non se empregan o suficiente ferramentas dixitais que faciliten a colaboración entre os alumnos	Persoal docente	Non
Debilidade	F3: Non se realizan actividades que fomenten a creatividade.	Persoal docente	Non
Debilidade	G5: Non se utilizan tecnoloxía dixitais para a autoreflexión sobre a aprendizaxe	Persoal docente	Non
Debilidade	G6: Non se empregan tecnoloxías dixitais para que os alumnos realicen comentarios a outros alumnos/as sobre o seu traballo.	Persoal docente	Non
Debilidade	F1: Pódese mellorar a adaptación ás necesidades do alumnado	Persoal docente	Non
Debilidade	F3 Realízanse poucas actividades que fomenten a creatividade	Persoal docente	Non
Debilidade	G1: Empréganse pouco as TIC para avaliar as capacidades dos alumnos	Persoal docente	Si
Debilidade	Non hai debate sobre o uso das tecnoloxías.	Persoal docente	Non
Debilidade	D2: A Participación no DPC é escasa e en moi poucos casos por iniciativa propia.	Persoal docente	Non
Debilidade	E2: Pocos docentes crean os seus propios recursos dixitais	Persoal docente	Non
Debilidade	G1: Empréganse pouco as TIC para avaliar as capacidades dos alumnos	Persoal docente	Non

Debilidade	G3 Fanse poucas ou ningunha actividade que proporcione unha retroalimentación axeitada	Persoal docente	Non
Debilidade	G5: Non se utilizan tecnoloxía dixitais para a autoreflexión sobre a aprendizaxe	Persoal docente	Non
Debilidade	G6: Non se empregan tecnoloxías dixitais para que os alumnos realicen comentarios a outros alumnos/as sobre o seu traballo.	Persoal docente	Non
Debilidade	Profesores con competencias dixitais insuficientes.	Persoal docente	Si
Debilidade	G3 Fanse poucas ou ningunha actividade que proporcione unha retroalimentación axeitada	Persoal docente	Non
Debilidade	G5: Non se utilizan tecnoloxía dixitais para a autoreflexión sobre a aprendizaxe	Persoal docente	Non
Debilidade	G6: Non se empregan tecnoloxía dixitais para que os alumnos realicen comentarios a outros alumnos/as sobre o seu traballo	Persoal docente	Non
Debilidade	D3: Non hai intercambio de experiencias entre persoal non docente.	Persoal non docente	Non
Fortaleza	H7: A maior parte dos alumnos son quen de crear de contidos dixitais.	Alumnado	Non
Fortaleza	H8: Todos os alumnos comunícanse con outros por diferentes medios dixitais.	Alumnado	Non
Fortaleza	Hai unha boa infraestrutura cableada e inalámbrica no centro que permite a ampliación de dispositivos	Infraestruturas	Non
Fortaleza	O acceso a internet é bo para cubrir as necesidades actuais.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	O centro conta cunha estratexia dixital feita en colaboración co equipo TIC.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Hai apoio do equipo directivo para o uso das tecnoloxías dixitais por parte do Profesorado.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Hai apoio ao profesorado para explorar novas modalidades de ensinanza.	Persoal docente	Non
Fortaleza	Hai unha estratexia dixital deseñada co equipo TIC.	Persoal docente	Non
Fortaleza	D3: Si que hai bastante intercambio de experiencias no uso das TIC.	Persoal docente	Non
Fortaleza	E4: Os profesores empregan continuamente tecnoloxías dixitais para as comunicacións relacionadas co colexio.	Persoal docente	Non
Fortaleza	E1: Os profesores busca recursos educativos en liña.	Persoal docente	Non
Fortaleza	F4: Utilízanse actividades de aprendizaxe que implican ao alumnado.	Persoal docente	Non
Fortaleza	F6: foméntase a participación en proxectos interdisciplinares.	Persoal docente	Non
Fortaleza	F5 Hai unha boa colaboración co alumnado.	Persoal non docente	Non
Fortaleza	E2: Emprega tecnoloxías para creación de recursos dixitais.	Persoal non docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Excesiva burocracia que quita tempo de preparación de materiais e clases.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Interese da administración por promover unha cultura e educación dixital.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Oferta de formación para profesores con diferentes niveis de competencia dixital	Administración educativa	Non
Oportunidade	Boa sensibilidade cara as tecnoloxías dixitais.	ANPA	Non

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Actualizar os Sistemas Operativos obsoletos dos equipos do colexio. (C2)
O02PD	Realizar dúas formacións dixitais un mínimo do 75 % do profesorado durante o curso académico
O03PD	Facer en cada curso como mínimo un traballo, reto ou proba avaliable mediante TIC na que interveñan varios alumnos, desde quinto de primaria a segundo de bacharelato. (F5)
O04PD	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de E.P. a Bacharelato para verificar a calidade da información buscada (H4)
O05PD	Proporcionar estratexias e coñecementos para un comportamento seguro na internet, desde quinto de primaria a segundo de bacharelato. (H1)

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Parcialmente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - C2: Hai Dispositivos dixitais para a ensinanza pero bastantes están obsoletos ou deteriorados.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de Sistemas operativos actualizados	10	10				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Detectar o número de equipos nos que se deben actualizar os Sistemas Operativos	03/11/2023	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Director	

Revisión	Data	Arquivo
Comprobar as características técnicas dos equipos para permitir a instalación de windows 11	07/09/2023	01Anexo1Acción1Obx1.pdf
Revisar todos os equipos con windows 7 e comprobar en cales sería posible a actualización a windows 11	07/09/2023	01Anexo2 Acción1Obx1.pdf

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2: Solicitar presuposto das licencias para Windows 11 para os equipos que o necesiten (10)	03/11/2023	
Responsables	Coordinador TIC/Director	
Destinatario	Proveedor TIC	

Acción	Data máxima	Temporalización
A01.3: Solicitar presuposto para tres portátiles que non é posible actualizalos por obsoletos, e se substituiran	03/11/2023	
Responsables	Coordinador TIC/ Director	
Destinatario	Director	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Detectar o número de equipos nos que se deben actualizar os Sistemas Operativos	03/11/2023	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Director	

Revisión	Data	Arquivo
Comprobar as características técnicas dos equipos para permitir a instalación de windows 11	07/09/2023	01Anexo1Acción1Obx1.pdf
Revisar todos os equipos con windows 7 e comprobar en cales sería posible a actualización a windows 11	07/09/2023	01Anexo2 Acción1Obx1.pdf

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.4: Adquirir tres portátiles para aula por non ser posible a actualización do SO. Configuralos e instalalos na aula correspondente	03/11/2023	
Responsables	Coordinador TIC	
Destinatario	Profesores	

Revisión	Data	Arquivo
Enviar ao proveedor TIC as características mínimas dos portátiles para solicitar presuposto para tres equipos portátiles	07/09/2023	
equipos instalados e configurados nas aulas para o inicio das clases	07/09/2023	01Anexo3 Acción4Obx1.pdf

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.4: Adquirir tres portátiles para aula por non ser posible a actualización do SO. Configuralos e instalalos na aula correspondente	03/11/2023	
Responsables	Coordinador TIC	
Destinatario	Profesores	

Revisión	Data	Arquivo
Enviar ao proveedor TIC as características mínimas dos portátiles para solicitar presuposto para tres equipos portátiles	07/09/2023	
equipos instalados e configurados nas aulas para o inicio das clases	07/09/2023	01Anexo3 Acción4Obx1.pdf

Acción	Data máxima	Temporalización
A01.5: Actualizar o Sistema Operativos coas licencias adquiridas de windows 11	31/05/2024	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Equipos portátiles e PC	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Parcialmente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - D1: É necesario un maior desenvolvemento profesional docente
 Debilidade - Persoal docente - Profesores con competencias dixitais insuficientes.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de profesores que participan en accións formativas e número de accións realizadas por cada profesor.	14 profesores	22 profesores				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1: Reunión do equipo TIC para acordar os responsables de buscar a información sobre as accións formativas (CEFORE, MOOC¿) por etapas e transmitila aos profesores.	31/10/2023	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Claustro	

Revisión	Data	Archivo
Reunión do equipo TIC, revisión das plataformas que ofrecen formación TIC	15/09/2023	02Anexo1Acción1Obx2.pdf

Acción	Data máxima	Temporalización
A02.3: Propoñer ao Director que na memoria se indique o número de profesores que realiza cada formación.	31/05/2024	
Responsables	Coordinador TIC	
Destinatario	Director	

Revisión	Data	Archivo
Ademais da denominación do curso, na memoria se indicará a cantidade de profesores que realizan esa formación	30/06/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
A02.4: Comprobar na memoria anual o número de acción formativas realizadas e cantos profesores participaron.	31/05/2024	
Responsables	Coordinador TC	
Destinatario	Equipo TIC Director Claustro	

Revisión	Data	Archivo
Documento co extracto ou resumo da Memoria anual do centro na que se reflicten as accións formativas realizadas e o número de profesores que realizou cada unha (so formacións TIC)	31/05/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2: Enviar aos profesores todas as propostas de accións formativas das que teñamos coñecemento.	31/05/2024	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Claustro	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Parcialmente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - E3: Empréganse contornas virtuais de aprendizaxe, pero sen aproveitar a súa potencialidade

Debilidade - Persoal docente - G1: Empréganse pouco as TIC para avaliar as capacidades dos alumnos

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de traballos realizados con ferramentas TIC entre varios alumnos.	sen datos previos	un traballo por curso desde quinto de primaria a segundo bacharelato				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1: Seleccionar dentro do equipo TIC as tarefas que mellor se adapten para a realización de forma conxunta por varios alumnos,e de forma que quede rexistrada a participación e aportación de cada un.	31/01/2024	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Todos os profesores	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.2: Propor aos titores nunha reunión as tarefas seleccionadas polo equipo TIC.	31/01/2024	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Todos os titores e profesores das aulas nas que se desenvolva a tarefa	

Acción	Data máxima	Temporalización
A03.3: Elaborar unha tarefa, reto ou proba avaliable, realizada con ferramentas TIC e nas que interveñan varios alumnos.	31/05/2024	
Responsables	Profesores	
Destinatario	Alumnos	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - H4: Os alumnos non verifican a calidade da información que buscan.

Debilidade - Persoal docente - E3: Empréganse contornas virtuais de aprendizaxe, pero sen aproveitar a súa potencialidade

Debilidade - Persoal docente - G1: Empréganse pouco as TIC para avaliar as capacidades dos alumnos

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de sesións lectivas dedicadas a analizar a calidade da información (Instrumento: rexistro por parte das persoas titoras das sesións empregadas)	0	3				

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.2: Elaborar unha rúbrica que se utilizará para analizar a información.	31/05/2024	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Titores	

Acción	Data máxima	Temporalización
A04.3: Elaborar dous retos con información de diferentes sitios web para valorar a súa veracidade por parte do alumnado coa rúbrica xerada.	31/05/2024	
Responsables	Titores	
Destinatario	alumnos	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.1: Crear grupos de traballo na aula para analizar a información.	31/05/2024	
Responsables	Titores	
Destinatario	alumnos	

4.6. Datos do obxectivo O05PD

Código	Estado
O05PD	Pendente

4.6.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - H1: Os alumnos non se comportan de forma segura en internet

Debilidade - Alumnado - H3: Non hai un comportamento responsable en internet.

Debilidade - Persoal docente - E3: Empréganse contornas virtuais de aprendizaxe, pero sen aproveitar a súa potencialidade

Debilidade - Persoal docente - G1: Empréganse pouco as TIC para avaliar as capacidades dos alumnos

4.6.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de sesións lectivas dedicadas a analizar a calidade da información (Instrumento: rexistro por parte das persoas titoras das sesións empregadas)	0	3				

4.6.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.2: Formar aos titores para que teñan coñecementos e recursos cos que poder traballar cos seus alumnos o comportamento seguro na internet.	31/05/2024	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Titores	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.1: Preparar un guión de traballo (con rúbrica de avaliación) adaptado aos diferentes cursos, cos aspectos que se deben tratar para que os alumnos tomen conciencia do que é un comportamento seguro e inseguro.	31/05/2024	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Titores	

Acción	Data máxima	Temporalización
A05.3: Elaborar retos nos que se poda valorar o comportamento seguro dos alumnos cando navegan na internet ou empregan aplicacións.	31/05/2025	
Responsables	Titores	
Destinatario	Alumnos	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O seguimento do Plan Dixital realizarase aproveitando as reunións ordinarias do equipo TIC, que son trimestrais. En cada unha desas reunións darase conta das accións realizadas de cada obxectivo e das que se deben realizar no seguinte trimestre se así está indicado nas datas de cada acción. Ademais, farase constar na acta da reunión o estado no que se encontra cada unha. Tamén, a medida que cada acción vaia rematando realizarase unha valoración dos resultados, unha reflexión sobre os aspectos a modificar e mellorar na acción se vai propoñerse nun novo curso académico. Todas esta información tamén será rexistrada na acta. Tamén terá lugar un seguimento a través das reunións programadas trimestralmente e ao final do curso co Mentor ADIX.

5.2. Primeiro trimestre

Ao remate do primeiro trimestre todas as accións previstas para executar nesta primeira parte do curso xa están realizadas e cumpridas:

- Do obxectivo 1 as accións 1 a 4

- Do obxectivo 2 a acción 1.

Do resto dos obxectivos tamén se inician traballos para que cando cheguen os prazos propostos, se encontren realizadas:

- xa hai varios profesores realizando accións formativas
- solicitáronse as administracións acceder a charlas e formacións de navegación segura na internet.
- debido á que en 3º da ESO temos unha alumna cunha situación de longa estancia hospitalaria, as probas de avaliación se están a realizar grazas ás TIC
- hai profesores probando a realización de actividades colaborativas entre alumnos empregando TIC...

5.3. Segundo trimestre

Ao remate do segundo trimestre todas as accións previstas para executar nesta segunda parte do curso xa están realizadas e cumpridas:

- Do obxectivo 3 as accións 1 e 2
- Do obxectivo 2 a acción 1.

Do resto dos obxectivos tamén se continúan os traballos para que cando cheguen os prazos propostos, se encontren realizadas:

- Continúa a realización de formación TIC por parte de varios profesores.
- Temos confirmada a participación en formacións para os alumnos relacionadas coa seguridade na internet e a navegación segura.

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

No contexto da avaliación procesual, realizarase unha avaliación das accións iniciadas e o estado de execución no que se atopen. Aproveitarase as reunións ordinarias do equipo TIC, que son trimestrais e farase constar na acta da reunión o estado no que se encontra cada unha. Ademais a medida que cada acción vaia rematando realizarase unha valoración dos resultados, unha reflexión sobre os aspectos a modificar e mellorar na acción se vai propoñerse nun novo curso académico. Todas esta información tamén será rexistrada na acta. A ficha descritora de cada acción tamén ten un apartado para indicar o estado no que se atopa e serán levadas a cada reunión do equipo TIC para marcar a situación na que está.

No contexto da avaliación final, realizarase aproveitando a última reunión do equipo TIC, e unha vez rematada a análise da execución das últimas accións ou as que acaben no final do curso. Valorarase o nivel de consecución dos obxectivos previstos nas accións de todo o curso, as dificultades, modificacións se as houbera e finalmente tratarase de identificar as causas que non permitiron acadar algún obxectivo (se sucedeu tal circunstancia). Analizarase a posibilidade de melloras para o próximo curso.

Toda esta información rexistrarase na acta final do equipo TIC.

Tamén terá lugar unha avaliación por medio das reunións programadas trimestralmente e ao final do curso co Mentor ADIX . C

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Unha vez que o Plan Dixital teña o visto e praxe da autoridade educativa, o protocolo de difusión e posta en coñecemento da comunidade educativa será o seguinte:

1. O Coordinador TIC comunicará a todos os membros do equipo TIC a conformidade do Plan Dixital por parte da autoridade Educativa. Rexistrarase na última acta do equipo TIC do curso correspondente.
2. O coordinador TIC, informará ao Director da aprobación e explicará con detalle os obxectivos previstos no Plan de Acción. O Director informará a súa vez ao presidente do Padroado da Fundación á que pertence o Colexio.
3. No claustro final do curso, o coordinador TIC informará a todos os profesores da posta e marcha do Plan Dixital e como lles repercutirá na súa tarefa docente.
4. Na reunión do Consello Escolar, posterior ao Claustro de Profesores, e último do ano, o coordinador TIC explicará os principios baixo os que de deseñou o Plan Dixital, así como a súa implementación. O Plan Dixital deberá ser aprobado polo Consello Escolar.
5. Unha vez informados todos os órganos e coa aprobación do Consello Escolar, empregárase a páxina web do Colexio

(<https://cangas.casadelavirgen.es/>) para publicitar e difundir que o centro conta cun Plan Dixital que comezará a súa implementación no próximo curso. A maior parte dos cursos tamén contan cun Blog de aula que é moi empregado por alumnos e familias e polo tanto se solicitará aos profesores administradores dos distintos blogs que inclúan unha entrada con referencia e información do Plan Dixital.

A persoa coordinadora do PD terá acceso á ferramenta Educalidade para poder rexistrar os avances e avaliacións deste plan baixo a supervisión da dirección do centro.

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
1InformeSELFIE	36000910_CPR Casa de la Virgen_SELFIE_081121_261121.pdf
2ResultadosSELFIE	Resultados_globais_SELFIE.pdf
3DAFO	36000910_cprCasadelaVirgen_DAFO_04042022.ods
4InformeCDD	informe CDD.pdf